



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E DOUS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000031

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos, do día vinte e dous de setembro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia, celébrase a sesión co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

### PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 08.09.22 (ORDINARIA) E 15.09.22 (ORDINARIA).-**

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións ditas quedan aprobadas sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e votos favorables dos asistentes ás sesións do 8.09.22 e 15.09.22).

#### **2º.-APROBACIÓN DA CONCESION DE MEDIDAS DE APOIO AS FAMILIAS PARA A ADXUDICACIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE, ANO 2022.-**

PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACION DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO A FAMILIAS E MENORES DO ANO 2022 (EN PRAZO EXTRAORDINARIO).

"Vista a proposta de informe de valoración das "Axudas para as medidas de apoio ás familias e menores 2022 en prazo extraordinario" emitido polo Departamento de Servizos Sociais e vista a acta da comisión avaliadora, o órgano colexiado que se establece no artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 4 das bases reguladoras (anuncio no BOP N° 129 de 8 de xullo de 2022), conformado por:

- Ana Belén Pérez Fernández (Concelleira Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Senén Martínez Prieto (Servizos económicos)
- Alberto González (Alcaldía- Presidente)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)

e que se transcribe a continuación:

“ACTA DA COMISIÓN AVALIADORA SOBRE O PRAZO EXTRAORDINARIO DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2022

Reunida a Comisión avaliadora en relación ao prazo extraordinario das *MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2022*, o día 20/09/2022 ás 10:45 horas, procédese a avaliar o informe presentado polo órgano instructor do procedemento, e que se transcribe a continuación:

### **INFORME- PROPOSTA PROVISIONAL DAS SOLICITUDES DE MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES 2022.**

*Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación ás bases que regulan a concesión de axudas de Medidas de apoio ás familias e menores (anuncio no BOP Nº 129 de 8 de xullo de 2022) e en relación ao prazo extraordinario (anuncio no BOP Nº168 de 5 de setembro de 2022)*

**INFORMO:**

1. *Que foron valoradas 20 solicitudes presentadas na forma e prazo establecidos nese segundo prazo.*
2. *Que naqueles casos nos que se precisou xustificar ou aclarar a documentación presentada, fíxose un requirimento telefónico e posteriormente presentaron a información no Departamento de Servizos Sociais (vía presencial ou por correo electrónico) para adxuntar ás solicitudes e poder valorar correctamente.*
3. *Que a avaliación foi realizada segundo os criterios contemplados nas bases da convocatoria, coas seguintes aclaracións:*
  - *Debido á complexidade para obter os certificados de Facenda pola dinámica propia do organismo e o seu sistema de atención administrativa ao público, aceptáronse os seguintes supostos:*
    - *Declaración xurada con exención da obriga de realizar a Declaración da Renda*
    - *Xustificante documental de ingresos (xustificantes bancarios...)*
    - *Coñecemento por parte do persoal de Servizos Sociais da situación familiar que explica que sexa familia beneficiaria por cumprir co criterio de insuficiencia económica.*
4. *Que o crédito restante para estas novas solicitudes é de 675 euros.*
5. *Que constando nas bases da convocatoria “No caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderanse ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible. No caso de non ser posible a ampliación do crédito, procederase a realizar unha división proporcional entre as persoas solicitantes, se a cantidade final é aceptable e permite a realización do gasto obxecto da subvención. De non ser posible o reparto proporcional, seguirase un sistema de baremación que priorice ás rendas máis baixas e ás familias de especial consideración, segundo a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.*
  - a) *As familias numerosas.*
  - b) *As familias monoparentais (para este efecto terase en conta que o/a menor dependa economicamente e en exclusiva da persoa gardadora, sen contribución económica do outro proxenitor).*

- c) As familias con persoas maiores ao cargo.
- d) As familias con persoas con discapacidade ao cargo.
- e) As familias con persoas dependentes ao cargo.
- f) As familias acolledoras

aplícase unha división proporcional, da que resulta unha cantidade aproximada de 40 euros para as persoas que teñen adxudicada a axuda ao 100% e de 20 euros a quen ten o 50%. Para axustar o reparto á cantidade exacta considérase axeitado:

- reducir en 5 euros as familias con dous menores, ao entender que parte do material pode ser compartido.

- esa redución non se aplica ás familias de especial consideración e súmase a estas 15 euros por entender maior necesidade.

- incrementar en 5 euros ás familias que teñen o 50% da axuda para que sexa unha cantidade suficiente para facer fronte ao gasto subvencionable e poder así consumir a totalidade do crédito existente.

6. Que considerando a redución da axuda, e existindo dous gastos subvencionables, poderán gastalo en calquera dos dous conceptos solicitados.

**CUMPREN** os requirimentos establecidos nas bases, as seguintes:

#### **BOLSAS PARA MATERIAL ESCOLAR E TRANSPORTE**

13 SOLICITUDES. Aplicando os criterios de reparto das axudas corresponderían os seguintes importes:

NOME	DNI	Nº MENORES BOLSA	% AXUDA	CANTIDADE CONCEDIDA
<b>MATERIAL ESCOLAR</b>				
Marcos Ameneiros Pérez	[REDACTED]	1	50%	25
Marharyta Frolenko	[REDACTED]	1	100%	55
Kristel Testa Ameneiros	[REDACTED]	1	100%	40
Pablo Ramos Padín	[REDACTED]	2	100%	75
Mª Ángeles Rodríguez Díaz	[REDACTED]	1	100%	55
Elia Beatriz Ardao Veiga	[REDACTED]	1	100%	40
Stefanía Prados Martínez	[REDACTED]	2	100%	75
Cristina López Gómez	[REDACTED]	1	50%	25
Alejandro Ramos Fernández	[REDACTED]	1	100%	55
David Pita López	[REDACTED]	1	100%	40
José Luís Santiso Requeijo	[REDACTED]	2	100%	75
Alejandro Rivera Yáñez	[REDACTED]	2	100%	75
Vanessa Gómez Ferreira	[REDACTED]	1	100%	40
	<b>TOTAL</b>	<b>17</b>		<b>675 €</b>

\*O importe TOTAL de axudas que se propoñen conceder ascende a 675 euros

**NON CUMPREN** os requirimentos establecidos nas bases as seguintes:

NOME E APELIDOS	DNI	MOTIVO DA DENEGACIÓN
Susana López López	[REDACTED]	Superación do límite de ingresos establecidos no punto 6.5 das bases.
Rocío Fariñas Restrebada	[REDACTED]	
Gerardo Espiñeira Fernández	[REDACTED]	
Rebeca Lago Fernández	[REDACTED]	

Rocío López Vizoso		
Sonia Nodar Bouza		
Javier González Pita		

**NOTA:**

\*Unha vez se resolva a subvención, as familias deberán xustificar mediante **documentos formais e Anexo II** debidamente cuberto e asinado entre o **1 e o 15 de outubro** deste ano a compra realizada (xustificantes das compras realizadas ata o 30 de Setembro de 2022 para os conceptos de material, ou xustificante de ingresar na tarxeta do bus para o concepto de transporte.).

\*Para aquelas familias con dificultade para adiantar os cartos, existe a opción de solicitar a cesión do dereito de cobro, resultando disto unha xestión de pagamento directo ao establecemento (**Anexo III**).

*Este é o informe que se emite para que sexa elevado a Comisión avaliadora e que teña efecto a proposta de concesión de axudas para a súa aprobación na Xunta de Goberno Local.*

*En Valdoviño a 19 de setembro de 2022*

*Iria García Martínez*

*Educadora Social (colex.3545)”*

Os membros da Comisión avaliadora aproban o informe presentado, coa correspondente aprobación do gasto por un importe total de 675 euros:

- Ana Belén Pérez (Concelleira de Servizos Sociais)
- Senén Martínez (Servizos económicos)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Alberto González Fernández (Alcalde- Presidente)

*Valdoviño, 20 de setembro de 2022”*

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

**PROPOÑO:**

á Xunta de Goberno Local a aprobación da proposta de concesión das axudas para as medidas de apoio ás familias e menores do ano 2022 no prazo de carácter extraordinario, atendendo aos acordos da Comisión avaliadora e por un valor total de 675 euros.

*Valdoviño, 21 de setembro de 2022*

*O Alcalde*

*Asdo. Alberto González Fernández”*

**A proposta de Alcaldía transcrita, quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros.**

**3º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DO VEHICULO ADSCRITO A LICENZA DE TAXI Nº 6.-**

Proposta:

“Tendo coñecemento da solicitude con número de rexistro de entrada 20220000002683 formulada por Antonio Vergara Hermida con D.N.I. núm. 76.416.724-Y en data 14 de

setembro do 2022 referente á substitución do vehículo asociado a licenza de taxi n.º 6 do Concello de Valdoviño.

Visto que o vehículo Toyota Avensis con número de matrícula 6079HBK asociado a licenza de taxi n.º6 pretende ser substituído por outro vehículo de mellores características co número de bastidor KNACR811FP5004087, matrícula 1918LZB e modelo KIA E-NIRO.

Conforme o disposto no artigo 26 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia.

- 1. Os vehículos que figuren identificados, aos que se adscriban as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi para o exercicio da actividade, poderán ser substituídos por outros, previa autorización do ente concedente, sempre que o vehículo que substitúa ao anterior fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.*
- 2. Desenvolverase regulamentariamente o procedemento para autorizar a substitución de vehículos e tamén para unha adscripción temporal no suposto de avaría ou inutilización por un período de tempo determinado.*

En virtude do enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

### **PROPÓN**

**Primeiro.-** Iniciar a tramitación administrativa para a autorizar a substitución de vehículo adscrito a licenza n.º 6 do Concello de Valdoviño.

**Segundo.-** Dar traslado da presente proposta á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia aos efectos da emisión de informe preceptivo e vinculante, de acordo co disposto no artigo 3.1 c) da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia.

/Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández /”

**A proposta de Alcaldía transcrita, quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros.**

### **4º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-**

#### **“Licenza de parcelación**

**.- Expte. de parcelación 05/2022.-**

**-** Para licenza de parcelación de fincas (segregación e agrupación), na **Valdoviño.**

Proxecto realizado polo arquitecto don Antonio Piñeiro Conchado e a técnica superior en topografía e urbanismo dona Paula Freire Dopico.

As parcelas obxecto deste proxecto correspóndense coas referencias catastrais nº 9592514NJ6299S0001HW e 9592515NJ6299S0001WW.

En canto a licenza solicitada, é de rigor facer as seguintes apreciacións.

Pártese das denominadas parcelas ou fincas orixinais, que segundo a documentación aportada teñen as seguintes características (ver planos nº. P01 e P02 do proxecto).

- Parcela A = FO-01. (referencia catastral n.º 9592514NJ6299S0001HW). Superficie: 2.250 m<sup>2</sup>, (sup. neta parcela: 2.192,32 m<sup>2</sup>). Sobre dita parcela encóntranse construídas unha casa de planta baixa cunha superficie construída de 110 m<sup>2</sup> e unha construción auxiliar de planta baixa cunha superficie construída de 15,65 m<sup>2</sup>. A parcela conta co fronte ao vial municipal polo seu linde oeste.
- Parcela B = FO-02. (referencia catastral n.º 9592515NJ6299S0001WW). Superficie: 1.566,60 m<sup>2</sup>, (sup. neta parcela: 1.558,60 m<sup>2</sup>). Sobre dita parcela encóntranse construída unha casa de planta sótano, baixa e baixo cuberta cunha superficie construída total de 394 m<sup>2</sup> e unha construción auxiliar de planta baixa cunha superficie construída de 33,80 m<sup>2</sup>. A parcela conta co fronte ao vial municipal polo seu linde oeste.

Como paso intermedio segregase da parcela B unha porción de terreno SA-01 de 1.139 m<sup>2</sup> para agrupar á parcela A (ver plano n.º. 03 del proxecto), obtendo as fincas resultantes coas seguintes características (ver plano n.º. 04, 05, 06 do proxecto):

- Finca Resultante FR-01 = SA-01+B. Superficie: 2.705,60 m<sup>2</sup>, (sup. neta parcela: 2.697,60 m<sup>2</sup>). Ten fronte ao vial municipal polo seu linde oeste. Contén as seguintes edificacións:
  - casa de planta sótano, baixa e baixo cuberta cunha superficie construída total de 394 m<sup>2</sup>
  - Dous construcións auxiliares de planta baixa cunha superficie construída total de 49,45 m<sup>2</sup>
- Finca Resultante FR-02 = RFM-A. Superficie: 1.111 m<sup>2</sup>, (sup. neta parcela: 1.053,32 m<sup>2</sup>). Ten fronte ao vial municipal polo seu linde oeste. Contén a si seguinte edificación:
  - casa de planta baixa cunha superficie construída de 110 m<sup>2</sup>.

En canto a licenza solicitada , os lotes resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
<b>PARCELA FR-01</b>	<b>2.705,60 m<sup>2</sup></b>	Solo Urbano	Sup. parcela Bruta	2.705,60 m <sup>2</sup>
			Sup. parcela Neta	2.697,60 m <sup>2</sup>
			Sup Cesión viales	8,00 m <sup>2</sup> xa realizadas exp. parc. 11/05
<b>PARCELA FR-02</b>	<b>1.111 m<sup>2</sup></b>	Solo Urbano	Sup. parcela Bruta	1.111 m <sup>2</sup>

			Sup. parcela Neta	1.053,32 m <sup>2</sup>
			Sup Cesión viales	57,68 m <sup>2</sup> xa realizadas exp. Parc. 11/05

As cesións de terreos situados fora das alineacións establecidas polo planeamento que afecta as parcelas obxecto deste informe, xa se realizaron no expediente de parcelación 11/2005 segundo a acta de alineacións e rasantes de data 20/04/2005.

E de acordo coa documentación técnica achegada polo arquitecto don Antonio Piñeiro Conchado e a técnica superior en topografía e urbanismo dona Paula Freire Dopico en data 30.06.2022.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 20 de setembro de 2022.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Conceder** a licenza de segregación e agrupación [REDACTED] nas condicións que figuran na documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto don Antonio Piñeiro Conchado e a técnica superior en topografía e urbanismo dona Paula Freire Dopico. e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 20 de setembro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Segundo.-** Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 457,99 €.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos solicitantes.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

Valdoviño, 20 de setembro de 2022  
O Alcalde,  
Asinado/Alberto González Fernández”

**A proposta de Alcaldía transcrita, quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros.**

**5º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/40.-**

A secretaria presenta as facturas a aprobar, a proposta de acordo con respecto a este punto que

de seguido se transcribe e o informe de intervención, documentos que constan asinados no correspondente expediente (2022/X999/000106).

#### PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/40 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 2 facturas ascende á cantidade de SETENTA E CATRO MIL TRESCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (74.367,96 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

#### PROPÓN:

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2022/40 por importe bruto de 74.367,96 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

**A proposta de Alcaldía transcrita, quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros.**

#### PARTE DE ACTIVIDADE

##### **6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*



